



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANUNCIO

DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA UNHA PRAZA DE AXENTE DE TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (AXENTE TIC).

A Alcaldía ditou no día de hoxe, 6 de marzo de 2013, o decreto que a continuación se transcribe:

"Transcorrido o prazo establecido por decreto desta Alcaldía de data 28/02/2013, concedido aos aspirantes excluídos para reclamacións ou emendas de defectos ou erros que motivaron a súa exclusión para tomar parte no procedemento para a contratación laboral temporal, mediante concurso, dun/dunha axente de Tecnoloxía da Información e a Comunicación (axente TIC), cuxa convocatoria foi publicada no diario "La Voz de Galicia" de data 11/02/2013; visto que non se ten presentada ningunha reclamación nin foron presentadas emendas á lista provisional, esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª da convocatoria,

ACORDO,

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para a provisión dunha praza de axente de Tecnoloxía da Información e a Comunicación (axente TIC):

Admitidos

NOME E APELIDOS	DNI
MARTÍNEZ SÁNCHEZ, IAGO	47351321W

Excluídos

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVOS
CONDE ESCALONI, CRISTINA	35464757E	Por non acreditar estar en posesión da titulación esixida para participar na convocatoria (Base 3ª C)

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Cando da documentación que se ten que presentar, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da participación neste procedemento.

Segundo.- Que se reúna o tribunal cualificador aos efectos de valorar a primeira fase do concurso o día 12 de marzo de 2013, ás 10:00 horas, facendo públicos os resultados da mesma con anterioridade á celebración da entrevista persoal (base 7ª da convocatoria).


Terceiro.- Convocar ao aspirante admitido para o día 12 de marzo de 2013, ás 12:00 horas, na Casa Consistorial do Concello de Camariñas, provisto do seu DNI, para a realización da entrevista persoal prevista na segunda fase do concurso, Base 7ª da convocatoria.

Cuarto.- Facer público o presente decreto mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de edictos da Casa do Concello e a efectos meramente informativos na páxina web do Concello (www.camarinas.net), e notificala a todos os membros do tribunal.

Quinto. Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria serán publicados exclusivamente no taboleiro de edictos da Casa do Concello".

Camariñas, 6 de marzo de 2013

ALCALDE,



Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León